

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 31 - 2019

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Non hai represión que pare a loita obreira!

A mobilización e a folga son as principais ferramentas da clase traballadora galega para defendermos os nosos dereitos, os nosos salarios e as nosas condicións laborais e de vida, fronte aos constantes intentos das patronais, do poder económico e do poder político que está a el sometido, de arrebatárnolos.

Grazas a décadas de loita conseguimos avances irrenunciábeis. Porén, o capitalismo neoliberal, coa súa voracidade insaciábel, aproveitou a crise para impor unhas reformas laborais e da negociación colectiva que só trouxeron máis paro, menos salarios e a desregulación das relacións laborais, provocando o empobrecemento da clase traballadora e obrigando a nosa mocidade a emigrar en busca dunhas condicións laborais e de vida dignas.

Isto obríganos a loitar contra despedimentos e peches de empresa, descolgues salariais, perda de beneficios sociais ou contra a precariedade e pobreza laboral; a facer folgas para poder estar coas nosas fillas e fillos, para que se respecte o noso dereito a conciliar ou a acadar unha igualdade real entre homes e mulleres; a manifestármonos para que se nos paguen as horas extra que nos obrigan a facer en xornadas laborais interminábeis...

Lei Mordaza e art. 315.3 do C.P.

Ante a nosa loita ese capitalismo voraz, pero covarde, desde os seus despachos nas institucións e no propio goberno do Estado español, impuxo a Lei Mordaza e endureceu o Código



Penal para neutralizar a nosa solidariedade como clase e a nosa capacidade de mobilización nas rúas e nos centros de traballo contra os seus inxustos recortes. Unha Lei que pretende ser exemplarizante castigando a quen se mova con multas ou penas de cárcere.

Nos últimos meses, o Goberno do PSOE está aplicando esta antidemocrática e inxusta lexislación, no seu día aprobada polo PP, abrindo expedientes sancionadores a traballadores e traballadoras por mobilizacións ou folgas polos seus dereitos.

Pero na CIG non nos arredamos. Denunciamos o intento de someter nos utilizando o sistema xudicial contra quen cometeu o único delito de defender os seus dereitos. Chamamos á mobilización contra quen nos que-

re seguir roubando e pretende castigarnos por defender o que é noso e apelamos a todas as compañeiras e compañeiros a exixir a derogación das reformas laborais, da reforma da negociación colectiva, da Lei Mordaza e do artigo 315.3, contra as que nin sequera as pretendidas esquerdas españolas moveron un dedo.

De igual maneira que conseguimos o indulto de Carlos e Serafín, non permitiremos a farsa de vulgar o compañeiro Carlos Lamosa, que terá que enfrontarse en Vigo a un xuízo, o vindeiro día 15 de outubro, por participar nunha concentración durante a folga de ambulancias, en demanda dun convenio colectivo digno, que conseguimos asinar o pasado mes.

Non calaremos diante do xuízo contra os compañeiros da cafetería do Meixoeiro, que se celebrará os días 28, 29 e 30 de outubro tamén en Vigo. Compañeiros que se enfrontan a peticións de penas de prisión de entre 10 meses e 4 anos por supostos danos e coaccións, por un convenio digno.

E non pararemos até que remate a burda montaxe que padece o compañeiro Pintos, que terá que enfrontarse a un xuízo os días 12, 13 e 14 de novembro, por suposta agresión a un policía, na Audiencia Provincial, na Coruña, durante unha mobilización en defensa do emprego e da industria na comarca de Ferrolterra.

Mobilizáremos por cada compañeiro ou compañeira que se enfronte á represión, porque defender os nosos dereitos non é delito!

O V Encontro Nacional de Delegadas debaterá sobre acción sindical en materia feminista

O vindeiro 10 de outubro celebrárase en Compostela o V Encontro Nacional de Delegadas da CIG co obxecto de debater as liñas de actuación sindical dos próximos meses, facer unha posta en común do papel da CIG como organización feminista capaz de xerar dinámica propia na Galiza e fortalecer a central como organización de referencia.

Na xuntanza, que en anos anteriores contou coa participación dunhas 300 delegadas, afondarase na necesidade de impulsar iniciativas sostidas no tempo, non vinculadas necesariamente á conmemoración de datas senlleiras, para que a problemática das mulleres estea presente en toda a acción sindical.

Así, avaliarase o impacto dos cambios lexislativos relacionados coas políticas de igualdade e debaterase sobre a necesidade de continuarmos coa campaña impulsada en xuño do ano pasado baixo o lema "Xa é hora de avanzar nos nosos dereitos". Unha iniciativa para identificar as distintas discriminacións que sofren as mulleres no mercado de traballo, levando ás



empresas e á Administración a denuncia da discriminación salarial na clasificación profesional, as discriminacións relacionadas coa problemática da conciliación, as precarias condicións nas que se desenvolve o traballo do fogar e dos coidados das persoas

dependentes, así como as alternativas que propón a central sindical.

Xunto a isto, no encontro abordarase a estratexia a seguir en 2020, tendo en conta que malia dúas xornadas históricas de folga de mulleres non houbo resposta dos gobernos ás nosas demandas.

Por unhas pensións e unha atención á dependencia dignas

O colectivo de Xubilados/as e Pensionistas ten previsto convocar mobilizacións en todas as comarcas para os días 31 de outubro e 28 de novembro en demanda da derogación das reformas das pensións, das reformas laborais e da negociación colectiva, para que se garanta emprego en condicións dignas e políticas que reforcen o sistema público de pensións. O colectivo exige que se aplique o incremento das pensións conforme o IPC e que as mínimas se igualem ao SMI.

Este calendario de mobilizacións iniciarase unha vez entregadas, o vindeiro 16 de outubro, as sinaturas da campaña pola dependencia, que o colectivo leva todo este ano desenvolvendo. Unha campaña coa que se



demanda que nos orzamentos para o 2020 se incrementen as partidas dos programas de atención á dependencia e que se poñan en marcha as accións necesarias para garantir a través dunha rede pública de recursos cun acceso equitativo, de xeito que todas

as galegas e galegos vexan cumprido o seu dereito a unha vida digna cando as súas circunstancias lles impiden poder facelo autonomamente. Así "non terán que ser as mulleres, unha vez máis, as que asuman en exclusividade esas tarefas de coidado".



A industria galega bótase á rúa en defensa do emprego e da actividade produtiva

O pasado 19 de setembro a cidadanía das Pontes botábase masivamente á rúa en defensa do emprego e para esixir unha transición enerxética xusta que permita dotar a comarca de futuro industrial. Porén, a decisión de Endesa de pechar definitivamente a central sen propor ningunha alternativa, sitúa As Pontes nunha incerteza absoluta que require intensificar a resposta social para obrigar o Goberno español a actuar e buscar solucións.

Esta loita pon en evidencia a ausencia de medidas políticas que revertan a perda do noso tecido produtivo, agudizado dende o inicio da crise de 2008 e que, de non pórllle remedio, acabará convertendo Galiza nun deserto industrial.

Porque non se trata dun caso illado de peche dunha fábrica ou dunha crise nunha comarca concreta, estamos ante o desmantelamento da actividade manufacturera e a desaparición de procesos produtivos completos, como ten acontecido na automoción, que nos últimos anos deslocalizou a Portugal ou Marrocos boa parte da actividade auxiliar para abaratar custes, mentres se aplicaban rebaixas salariais e laborais coa escusa de gañar competitividade. Uns recortes que PSA-Citroen pretende afianzar

agora na negociación do convenio baixo ameaza de non lograr novos proxectos.

O naval, sen carga de traballo

O naval da Ría de Vigo atravesará tamén unha situación crítica, con Vulcano, o segundo maior estaleiro privado do Estado español, en fase de liquidación; mentres que o primeiro, Barreras, está seriamente ameazado e encara unha fase crucial para a súa supervivencia. A perda de ambas suporía a práctica desaparición do sector, xa que soportan arredor do 60% da contratación de persoal.

A falta de carga de traballo e o peche das empresas principais arrastra a industria auxiliar, provocando a perda de milleiros de empregos nos últimos anos, por moito que a propaganda institucional teime ciclicamente en falar de recuperación. A ausencia de compromiso e a inacción do Goberno central e da Xunta afondan na lenta agonía dunha industria estratéxica para o país e fundamental para a economía e o emprego da comarca viguesa.

Na Ría de Ferrol, as perspectivas tampouco son alentadoras. O naval público enfrenta os próximos dous anos cunha previsíbel destrución de emprego nas auxiliares e unha maior precarización das condicións laborais pola falta de contratos. As consecuen-

cias inmediatas reflíctense no conflito aberto nas contratas de mantemento: Navantia comunicou unha baixada do servizo a Indasa e á UTE Tecman-Rayman, coa que estas pretenden xustificar o despedimento de 15 traballadores e baleirar de contido o dereito a subrogación, pelexado e gañado no convenio do metal. Esta actuación ruín levou o persoal das dúas auxiliares a iniciar folga indefinida o 23 de setembro, cun seguimento do 100%.

Por unha tarifa industrial galega

Nesta crise, a industria electrointensiva é unha das máis afectadas, e malia ser Galiza gran produtora e exportadora de enerxía, A Mariña, como antes A Coruña, ve como Alcoa compromete o futuro dos empregos e da fábrica de aluminio de San Cibrao amparándose no elevado prezo da electricidade. Fronte a estas pretensións e para esixir dos Gobernos un novo marco regulador da enerxía máis xusto, estábel e predicíbel, o persoal estase mobilizando todos os venres na rotonda do Castelo, ás 14h.

Protestas semanais, mais neste caso os martes ás 19:30h, tamén realiza o persoal de Ferroatlántica diante do concello de Cee, para reclamar da Xunta que, ante a fraudulenta operación de compra-venda que se vén de efectivizar, esixa o preceptivo plan de viabilidade ao que obrigan as cláusulas concesionais.



Os bombeiros/as do Concello de Vigo, en folga indefinida por primeira vez na historia do servizo

Por falta de persoal e polo decreto que impón “escravitude”

Os bombeiros/as do Concello de Vigo atópanse en folga indefinida dende o pasado 14 de agosto para alertar da falta de persoal e denunciar o decreto municipal que lles impón “condicións laborais de escravitude” baixo ameaza de sanción de tres anos sen emprego e soldo.

Deste xeito o Goberno local obrigáos a facer horas extra, excesos de xornada e mesmo a dobrar quendas de traballo para suplir a falta de persoal, incumprindo gravemente a lexislación laboral e levando os traballadores/as a unha situación límite, tanto física como mental.

A convocatoria de folga evidenciou aínda máis esta carencia, xa que non foi posíbel nin cubrir os servizos mínimos de 20 efectivos decretados. Na actualidade, dos 102 efectivos do cadro de persoal só están dispoñíbeis 50, cos que hai que cubrir todas as quendas e as gardas, xa que arredor do 30% se atopa de baixa, e o resto de vacacións. En consecuencia, o

persoal padece fatiga crónica e outros problemas físicos e mentais.

Consideran que se trata dun decreto ilegal, que ademais non foi negociado, e que está a provocar que haxa persoas que en oito días teñan que facer cinco gardas de 24 horas (chegando mesmo a facer 48 horas seguidas), o que supón 120 horas, cando a xornada ordinaria do persoal do Concello é de 37,5 horas semanais no inverno e de 35 no verán.

Todo isto levou a CIG a apostar por unha convocatoria de folga e a deseñar un calendario de mobilizacións e de accións informativas na rúa para trasladarlle á veciñanza o perigo que supón manter o servizo de emerxencias nunhas condicións nas que é imposible atender unha cidade que aumentou a súa poboación de xeito considerábel nos últimos anos.

Paralelamente, os servizos xurídicos da central presentaron un contencioso contra o decreto, que se



atopa á espera de sentenza, e están a agardar as resolucións da Inspección de Traballo tras as denuncias formuladas diante da autoridade laboral, porque o seguinte paso será presentar unha demanda laboral polas condicións de traballo e unha penal por prevaricación.

Manifestación nacional ‘Por un monte galego con futuro’

A plataforma ‘Por un monte galego con futuro’, da que fai parte a CIG, convoca unha manifestación nacional para o día 20 de outubro, con saída ás 12:00 horas da Alameda compostelá. A plataforma fai un chamamento á mobilización porque, no actual contexto de mudanza climática, o papel dos ecosistemas forestais vai resultar chave para mitigar os efectos do quecemento global, como reservas de carbono, mais tamén de ecosistemas que garantan o mantemento desa biodiversidade, a regulación do ciclo da auga, a fertilidade do solo, a capacidade de purificación da auga e do ar ou a loita contra a erosión.

A plataforma lembra que o 94% do noso territorio é superficie rural e “hoxe está baixo un risco potencial,

visto cal é o deseño que para o monte galego ten o PP ou o Goberno español do PSOE a través do Ministerio de Transición Enerxética”. Unha visión de “gran eucaliptal” que é precisamente o contrario a favorecer a “biodiversidade nun medio rural vivo”.

Por iso rexeita tanto o borrador da Estratexia Galega contra o Cambio Climático como o Plan Forestal que tramita a Xunta de Galiza e demanda a elaboración dun novo documento que parta de información actualizada sobre a situación do monte galego, contando cunha participación equilibrada de todos os axentes sociais e que siga, como principios reitores, a diversidade de hábitats e especies, a multifuncionalidade de uso, o fomento do arborado



autóctono, unha moratoria do eucalipto, o mantemento dos servizos ecosistémicos, a non privatización dos montes veciñais, e a creación de emprego e a sustentabilidade económica e social.-